

## *Silencio de salitre*

---

**Baldo Ramos**

A primeira vez que pisei as terras do Val Miñor sería aló por volta de 1971, cando non tiña máis de oito meses.

Cando un neno respira a transparencia de certos espazos, a súa vida xa queda unida a esa experiencia orixinaria.

Teño para min que *orixe* é todo aquilo que nos permite medrar, que nos achega á raizame primeira da que beben todos os ríos que atravesan a nosa vida.

E a miña orixe tamén está neste lugar.

As primeiras lembranzas que conservo de Sabarís e de Baiona son de cando tiña cinco ou seis anos. Para un neno de interior, o mar supón o descubrimento da luz, e por riba de todo, do aire sandador que naqueles anos me receitara un médico de Vigo para mellorar os meus ataques de asma infantís.

E abofé que o conseguíu, xa que despois dos oito anos nunca máis volvíu sufrir tan incómoda doenza.

Polo tanto ese mar, para min, antes de nada foi saúde. Despois luz. E cos anos aprendín que neste lugar hai algo que me conforta antes que calquera outra cousa: o seu silencio de salitre.

Aínda que nos últimos anos a especulación turística teña feito medrar de xeito incontrolado esta comarca, o certo é que sempre que volvo a Baiona sinto unha paz que me fai pensar que esa maneira na que se mestura terra e mar na súa baía é o que provoca, nos que amamos e habitamos estas terras, o pracer dun sosego reparador e creativo.

Moitos dos poemas que teño escrito dende que a literatura ten entrado na medula da miña vida están escritos nas súas praias, nos seus recunchos máis tranquilos: no paseo da Concheira, na zona alta do casco vello, na marisma da Ladeira...

Por iso, gustaría de deixar nestas páxinas algúns dos textos que escribín en diferentes momentos da miña vida ao pé do monte das Cubichas e mais algunhas fotografías de libros feitos á man que aló polos anos 1998 e 1999, cando pasei un curso dando clases no IES Escolas Proval, confeccionei nas terras onde o Miñor escribe palabras de despedida.



escoita o inverno  
neste mar


pólas de auga salgada

o inverno  
manso  
en Sabarís  
cubriendo as praias do teu corpo esquecido

as súas augas

corpo que recupera a memoria  
do naufraxio de ser tempo  
apodrecido nas palabras

*(Praia Ladeira/ inverno de 1998)*



o silencio das mareas

a súa luz

solpor que medra  
nuns ollos que son tempo  
cortiza de sombras  
soidade na ausencia

a propia ollada é o poema

escoita a súa luz

*(A Ramallosa, Nigrán/ inverno de 1998)*



dende que conciencia o mar,  
fragmentado antecomezo.

ao seu ditado non respondeu  
a forza da inocencia,  
a constancia do tempo,  
a submisión do final.

dende a sentina do amencer  
acariñamos o ventre das fillas precoces,  
aspiramos a disolución da vellez,  
aceptamos o despotismo das mareas.

os espazos interiores fixéronse voces cálidas  
que nos facían medrar sen corromper fidelidades.

contamináronse da desposesión.

filtraron a luz precisa para seguir a respirar  
e confiaron ao salitre  
o paradoxo de saber  
sen ter antes posuído.

*(Praia Ladeira/ verán de 2010)*